

OS XERIATRAS PÍDENLLE Á XUNTA QUE FAGA UN ESTUDO SOBRE A SITUACIÓN DA DOENZA EN GALICIA, ONDE AFECTA A 50.000 PERSOAS

# O 50% dos pacientes galegos con demencia quedan sen diagnóstico

As familias reclaman más atención para os anciáns que viven sós no rural e que padecen doenças degenerativas

## N. A. / AXENCIAS

### GALICIA

actualidade@xornaldegalicia.com

A Sociedade Galega de Xerontoxía e Xeriatría pediu onte á Consellería de Sanidade que realice un estudo epidemiológico en Galicia sobre a poboación envellecida que padece algúns tipos de demencia, sobre todo alzheimer. Segundo o presidente da entidade, Andrés Vázquez, estímase que máis de 50.000 persoas padecen esa enfermidade na comarca autónoma, na que non se diagnostican o 50% dos casos, unha cifra que se eleva ao 70% nas primeiras fases da doença.

Vázquez deu a coñecer onte estes datos nunha ronda de prensa na que anunciou o galardón que se dará á sociedade que preside a Federación de asociacións galegas de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias (Fagal) polo seu "constante esforzo" en axudar ás persoas afectadas por este mal.

O médico tamén advertiu de que actualmente en Galicia hai case 800.000 persoas maiores de 60 anos, o 28% da poboación total galega. Este problema afecta espe-



Un ancián camiña pola rúa

AMADOR LORENZO

cialmente á provincia de Ourense, onde o índice de avellentamento é superior ao de Xapón, un dos 'maiores do mundo', explicou.

Por outra parte, destacou que un 30% dos maiores de 80 anos residen en núcleos rurais dispersos e de menos de 500 habitantes, o que fai que Galicia se atope entre as autonomías de maior illamento de Europa. "Esta realidade ten consecuencias dramáticas e de coidados más di-

"Necesitanse máis centros de día e plans de teleasistencia", dí o presidente de Fagal

fíciles e enmascarados", afirmou. A este respecto, o presidente de Fagal, Juan Carlos Rodríguez, destacou que "moitas destas persoas viven soas e moitas veces morren porque se perden ou porque se queiman e non teñen quien os axude, é un escándalo social, que se ocorre noutro rango de idade chamaría moito a atención". O experto insistiu na importancia de mellorar a formación das familias e dos coidadores profesionais

## COSTE SOCIAL

O presidente da Sociedade Galega de Xerontoxía e Xeriatría, Andrés Vázquez, subliñou onte que, pese a que unhas 50.000 persoas están afectadas pola demencia, a afectación social e familiar da enfermidade é moito más ampla. Implica a uns 200.000 individuos. Tamén incidiu en que nestes casos é "moi importante" un diagnóstico "precoz" para evitar a "morbi-mortalidade e efectos socio-vivenciais", xa que a maior parte das doenças son mixtas e xeneran patoloxías degenerativas e vasculares. Deste xeito, solicitou tamén o desenvolvemento da Rede Galega de Centros de día Terapéuticos especializados, e un mellor desenvolvemento da Lei de Dependencia na autonomía.

á hora de asistir a estes pacientes e reclamou máis servizos profesionalizados como "programas de respiro, de teleasistencia, centros de día ou localizadores". Sobre estes últimos dixo que eran fundamentais e que, en Galicia, case non se empregaban.

Rodríguez afirmou que hai que aproveitar a Lei de Dependencia para cambiar o modelo productivo e apostar pola asistencia social.

## A Xunta apoia con 357.000 euros un proxecto de axuda a indixentes

### REDACCIÓN

### GALICIA

actualidade@xornaldegalicia.com

O Consello da Xunta aprobou onte o convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e a Cruz Vermella segundo o cal o Goberno autonómico investirá 357.000 euros na atención e apoio integral ás persoas sen teito e traballará para promover a súa inserción. Segundo explicou a Xunta, as accións deste plan consisten basicamente en detectar patoloxías mentais, alcoholismo e outras adiccionés sufridas polos be-

neficiarios, informar e derivar áos usuarios cara aos servizos permanentes e proporcionarles asesoramento social e legal.


No marco deste convenio, amparado polo II Plan Galego de Inclusión Social, Cruz Vermella desenvolverá un programa de acompañamiento e apoio que consistirá no establecemento de liñas de derivación e integración na sociedade a través dos servizos sociais existentes e dos equipos de intervención creados para desenvolver estas accións.

En concreto, as actuacións centraranse na valoración destas per-

soas e en ofrecerles información, orientación e asesoramento, así como en axudarles a gestionar os seus documentos, en intervencións na rúa, accións formativas, acompañamento social e accións de tipo sociosanitario.

Por outra banda, o Consello da Xunta financiará con 200.000 euros un convenio coa Asociación Galega de Atención Temprá para axudar a nenos con discapacidade. ■

[www.xornal.com](http://www.xornal.com)  
Opina sobre este colectivo na web de Xornal de Galicia.



Un home dorme nun caixeiro

SONIA DAPONT